

## Decreto do currículo das ensinanzas de idiomas (EOI)

O novo decreto desenvolverá para Galiza o novo Real Decreto 1041/2017 de esixencias mínimas das ensinanzas das EOI. A publicación do Decreto, tendo en conta as datas nas que estamos e os prazos necesarios, podería levar a que a matrícula se fixese en setembro e implicara un retraso no inicio do curso. Neste caso propomos que se permita un curso de transición para a implantación prevista no borrador para o curso 2018/19, o que tamén suporía unha solución ao paso dunha organización curricular a outra, como no caso da impartición nalgúns idiomas do nivel C1 por primeira vez. **A Dirección Xeral informa que a propia Consellaría propuxo no seu momento ao MECD esta posibilidade mais que unha vez publicado no BOE xa non se pode facer. Afirmamos que os problemas de incorporación de alumnado do plan de estudos actual se procurará solucionar cunha orde que desenvolva o Decreto.**



A Consellaría informou que o borrador do decreto foi “consensado e traballado por inspección, asesores e profesorado dos EOI”. Pola nosa información houbo algúns docentes que efectivamente participaron mais non se compartiu o documento con todos os centros até que estivo pechado o borrador (que foi cando se non mandou aos sindicatos), cando o normal sería que todo o profesorado fose partícipe desa fase de elaboración. As propostas que a **CIG-ENSINO** trae a esta Mesa nacen do contraste cos centros.

### Cambio na estrutura dos estudos de idiomas.

O borrador do Decreto implica un cambio na carga lectiva dos cursos dos diferentes niveis de estudos e da propia distribución dos cursos. Até agora nos idiomas de maior demanda había 6 cursos para chegar ao B2 e 7 para o C1. Agora van ser 7 cursos como máximo, pero ampliando a C2, polo que se amplían estudos sen ampliar horarios. A tendencia xeral é a reducir o peso do nivel básico que se ve compensado en varios idiomas co incremento que supón o nivel avanzado C2 (inglés, francés, e outros que poderán ampliar progresivamente se hai demanda). Tememos que esta redución xeral do nivel básico vaia primar as academias privadas que poden reforzar a súa oferta para cubrir posíbeis carencias das EOI nestes niveis no futuro.

En idiomas como Español, Galego e Portugués pasamos de 6 cursos de 130 horas a 5 que en realidade poderían ser en número de horas 4 (2 de 60 horas e 3 de 120) se finalmente se autorizan os cursos “acelerados”.

A CIG-ENSINO ten un especial interese en que os cambios na organización das ensinanzas de idioma supoñan melloras nestas mais que ao tempo non empeoren as condicións de traballo do profesorado nin se reduzan os cadros de persoal.

### Nivel básico.

O RD permite que as administracións educativas regulen as características e a organización do nivel básico. Por tanto, a Consellaría pode acomodar os cursos deste nivel ás propias necesidades dos centros e do alumnado. Entendemos que non o fan nalgúns idiomas. A posibilidade de reducir a 60 horas todo o nivel básico en Galego, Portugués e Español non se sostén. No caso do español para estranxeiros habería que ter en conta o alumnado que accede a estes estudos para permitir que podan ter unha maior duración. A Xunta tamén debería potenciar a ensinanza do galego para persoas estranxeiras e, neste caso, permitir esa maior duración que precisaría o español.

# CIG Informa da Mesa Sectorial

Defendemos que figure expresamente que o nivel básico será con carácter xeral de 120 horas no conxunto do A1-A2 e que se permita que, en casos como os indicados de Español, se puidese ampliar, en función dos informes do departamento e o centro. Só en casos excepcionais, e previa solicitude do departamento do centro se podería estruturar en Galego, Español e Portugués a xestión integrada en 60 horas que figura no artigo 3.1.d.

## Nivel intermedio e avanzado.

A distribución de cursos nos niveis intermedio e avanzado axústase aos máximos do RD (3 curso como mínimo e 4 cursos como máximo en cada nivel -intermedio, avanzado- para todos os idiomas agás árabe, chinés, xaponés e ruso). Sen embargo neste nivel intermedio tamén introduce unha posíbel redución para o español e o galego a menos de 3 cursos ao ser linguas oficiais (artigo 6.2.b) do RD. A Xunta vai máis alá e inclúe o portugués nesta redución a menos de 3 cursos, cando non

cumpre esa condición de lingua “oficial ou cooficial”. Neste caso a Xunta xoga coa condición de lingua ambiental mais, na práctica, incumpre o propio RD. Sen embargo, o máis grave é que nestes tres idiomas se abre a porta á posibilidade de que os cursos podan ser de 60 horas en vez das xerais 120 que hai para todos os idiomas. É dicir, redúcese o total dos cursos e a duración deles. Como fixemos no nivel básico, solicitamos que tamén no artigo 3.2.d. a xestión integrada en 60 horas sexa por solicitude do departamento. **A Dirección Xeral confirma que a redución do Portugués a dous cursos no nivel intermedio e avanzado está a revisión na asesoría xurídica xa que son conscientes de que non cumpre co regulado no Real Decreto 1041/2017 (artigo 6.2.b) e que non son partidarios de prolongar uns estudos se con menos anos se poden impartir.**

*Nova distribución horaria e de cursos do Anteproxecto de Decreto das EOI*

	Básico		Intermedio		Avanzado		Horas novo Decreto	Cursos novo decreto
	A1-A2	B1	B2	C1	C2			
Inglés	120/240	120	240	240	120	120	840/960	7/8
Francés	120/240	120	240	240	120	120	840/960	7/8
Italiano	120/240	120	240	240	120	120	840/960	7/8
Alemán	240	240	120	240	120		960	8
Chinés	240/360	360	240				840/960	7/8
Xaponés	240/360	360	240				840/960	7/8
Ruso	240	360					840	7
Árabe	240	360					840	7
Español	120/60	120/60	120	120	120		600/480	5
Galego	120/60	120/60	120	120	120		600/480	5
Portugués	120/60	120/60	120	120	120		600/480	5

## As propostas da CIG-ENSINO reforzan a autonomía dos departamentos.

- ✓ O que a Xunta denomina “**xestión integrada**” nos niveis básico e intermedio é en realidade un “**curso acelerado**”. Só podería fixarse para casos excepcionais e previa solicitude vinculante do departamento. Queremos evitar que sexa unha decisión arbitraria da Consellaría ou da Inspección.
- ✓ Permitir que no Español para estranxeiros se poda ampliar a 240 horas a duración do nivel básico cando se considere necesario por parte do departamento en función do nivel de coñecemento do idioma do alumnado. No caso de que o galego fose cursado por alumnado con similares características ao español, debería ter a mesma posibilidade.
- ✓ Un dos problemas que se presenta no caso do Galego é que o alumnado non galegofalante ten problemas para se integrar no nivel avanzado, que é maioritariamente cando se incorpora o alumnado galegofalante. A redución do nivel básico e intermedio xoga en contra daquel alumnado. Debe primar a opinión do departamento á hora de incrementar horarios ou non.

**O Director Xeral  
négase a introducir  
modificacións neste  
sentido**

## A carga lectiva do profesorado, unha preocupación principal nas EOI.

A Xunta rebaixa a duración dos cursos de 130 a 120 horas. Esta nova distribución implicaría que en vez de impartir 4,5 horas a cada grupo por semana (en 3 sesións de 1,5 horas) se impartisen 4 horas (en dúas sesións de 2 horas). Á CIG-Enseño e ao profesorado das EOI preocúpalle que detrás desta medida estea un recorte de profesorado, ampliando os 4 grupos actuais (18 horas de docencia) a 5 (20 horas).



## Propostas da CIG-Enseño sobre horario e grupos.

☑ Solicitamos que se recolla expresamente no decreto que o profesorado impartirá docencia a un máximo de 4 grupos e salvaguardar o que recolle orde que desenvolve o actual ROC das EOI de 2011.

**A Dirección Xeral afirma que non vai introducir o tope de 4 cursos no Decreto mais asegura que non ten ningunha intención de modificar a Orde na que se regulan os 4 grupos como máximo.**

- ☑ Debe terse en conta a experiencia do profesorado á hora de tomar decisións para completar horarios. Para iso hai que ter presente os seguintes criterios:
  - ☑ Non se pode cumprir o que propio decreto fixa (favorecer o traballo en equipo ou a actividade investigadora a partir da práctica docente, ou ofrecer un ensino desde a perspectiva de uso e coa aula como espazo) se sobrecargamos de traballo e grupos ao profesorado.
  - ☑ Regular que na diferenza de horas desde as 16 necesarias para impartir docencia en 4 grupos ao total de horas lectivas que hai que cubrir se recollan outras actividades formativas:
    - ☑ **Cursos por destrezas para alumnado do centro:** Falamos de clases ás que podería acudir o actual alumnado do centro ou ex-alumnado para reforzar a expresión oral ou escrita ou a comprensión lectora non conducente a certificación. Iso implicaría un máximo de 2 horas até acadar as 18 sesións.
    - ☑ **Oferta aberta de curso por destrezas:** permitir a impartición de cursos por destrezas como os que se imparten na EOI de Lugo, con 120 horas distribuídas en tres trimestres (40h/cada) e que tiveron unha alta demanda.
    - ☑ **Tarefas de formación.** Tamén se debe contemplar a formación e actualización do traballo docente: observación de aulas, investigación, grupos de traballo ou seminarios de formación, adaptación de materiais para alumnado con NEAE ou xestión e moderación de plataformas de aprendizaxe.
    - ☑ **Cursos a distancia:** o cómputo das horas por grupo non pode ser igual que os grupos ordinarios. Propomos que se fixe un cómputo de 6 horas por grupo.

**A Dirección Xeral non entra a valorar ningunha destas propostas.**

## As ratios

As ratios mantéñense en 30 alumnos nos niveis básicos e intermedio e 25 no nivel avanzado. Para cumprir os obxectivos que se fixan no propio decreto estras ratios son totalmente inapropiadas. Propoñemos reducilas a 30 no Nivel Básico, 25 no Intermedio e 20 no Avanzado. **A Consellaría non vai modificar as ratios.**

Aínda que entendemos que non se fixe nun Decreto o número mínimo de alumnado para constituír os grupos dos diferentes niveis, amosamos a nosa preocupación por que este non sexa o suficientemente baixo para evitar unha redución da oferta. Reclamamos que esta ratio mínima se inclúa na orde que desenvolva o ROC das EOI. **Aseguran que hai a día de hoxe algúns grupos autorizados fóra das grandes cidades con moi pouco alumnado e que non teñen pensado restrinxir a oferta. Tamén afirman que hai unha baixada xeral de alumnado nos niveis básico e intermedio polo nivel co que se remata a escolarización obrigatoria.**

## Outras cuestións

**Convenios de colaboración.** Entendemos que non é necesario establecer convenios de colaboración con empresas privadas. En todo caso, solicitamos da Consellaría información sobre que modalidades de convenios estaría a falar. **A Dirección Xeral confirmou que se estaban a referir a colectivos profesionais (taxistas, comerciantes, xornalistas.....).**

**Impartición do nivel básico noutros centros docentes públicos.** Solicitamos información sobre este apartado. **A Dirección Xeral confirma que se refiren as Seccións das EOI en IES.**

**Recoñecemento dos títulos das EOI a nivel internacional.** Sabemos dos problemas existentes a día de hoxe coa validación en determinados países das certificacións das EOI e da intención anunciada polo MECED de crear un grupo de traballo que, en paralelo ao desenvolvemento do RD, regule e acomode as certificacións oficiais no Estado co Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL). Solicitamos información ao respecto. **A Dirección Xeral confirma os problemas existentes relacionados coa excepción que supón a rede pública das EOI no marco europeo así como os atrancos de determinados países a recoñecer a certificación dos seus idiomas por un Estado que non ten ese idioma como oficial, favorecendo as súas propias entidades certificadoras.**

**Formación do profesorado.** É necesario reforzar a formación do profesorado, especialmente se temos en conta a impartición en diferentes idiomas do C1 e C2 por vez primeira. **A Dirección Xeral asegura que haberá un plan específico, con máis estadias no estranxeiro e cursos específicos. Afirman que xa na orde de PIALE hai prazas específicas para as e os docentes das EOI.**

**Normativa pendente.** Segundo informou a Dirección Xeral, revisarán o calendario da oferta con responsábeis das EOI nunha reunión após a Semana Santa. Haberá tamén unha Circular na que, entre outros temas, recollerán as probas de clasificación que neste ano non se poderán facer en xuño como era habitual senón en setembro.

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal